



Un ano máis, ADEGA, xunto co Concello de Santiago, desenvolveu unha campaña de sensibilización "Por un Nadal máis ecológico", esta vez centrada no fomento da reducción, a reutilización e a reciclaxe dos residuos.

A complexidade da problemática ambiental é ahóxe en día un dos maiores problemas aos que nos enfrentamos. Desenmarañar as redes que o mercado tece sobre o planeta, para poder aclarar onde remata a responsabilidade da degradación ambiental dunha industria, dun goberno ou a da sociedade en xeral e a de cada unha de nós en particular, é un reto que temos que asumir e afrontar.

Partir de que a terra é finita e polo tanto os seus recursos tamén o son, será unha premisa a ter en conta. Dicir que o 20% do planeta vive/consume ao outro 80% é, ademais dunha frase moi usada, a causa de que, para ter na cesta da compra e logo na casa, café, zucré, chocolate, papel, etc, se precisen talar bosques para crear pastos, facer encoros ou plantar eucaliptos, etc, en lugares como Colombia, Etiopía ou Galiza. Multinacionais presionan a gobernos do Terceiro Mundo para arrasaren con selvas ou cultivos tradicionais e sustentables na procura de

Liberarse da lacra do consumismo fainos máis libres, gañamos tempo que o podemos adicar a outras accións más positivas, más sans, e aforrarnos cartos e estrés

productos para exportar ao Primeiro Mundo, o que destrúe o ambiente e arruina a poboación local. Sen a reducción do consumo do Norte (que cubra as necesidades básicas e permita levar unha vida digna) será imposible o desenvolvemento sustentable.

Pensar que non se pode facer nada polo planeta, que todo está perdido e en mans de multinacionais que manexan como unha man malvada a gobernos, é o síntoma dun extremo pesimismo pero tamén dunha comodidade e preguiza (consciente ou inconsciente) que permite e oculta a autodesculpa. E crer que pola actitude dunha mesma vai cambiar a situación mundial, se ben é certo, pode ser cando menos frustrante, cando pasa o tempo e todo segue igual.

Buscar unha posición intermedia, realista e con obxectivos claros, pode ser unha boa situa-

ción de partida. Asumir as nosas posibilidades e tamén as nosas responsabilidades individuais e colectivas, como consumidoras, dende a ecoloxía do cotián, así como a nosa posibilidade de sumar esforzos e cooperar con outras persoas, en asociacións de consumidores, grupos ecoloxistas, de comercio xusto, etc, será a base do noso poder como consumidoras.

Non se trata de culpabilizármonos polo que ocorre, senón de vernos como facilitadores dun cambio posible, non elixindo entre un producto normal, "malo", e outro eco, "bon", senón reformulando todo sistema de consumo e desenmascarando a sua perversidade.

Reclamar accións aos gobernantes para que non sacrificuen a protección dos bens públicos en pro dos intereses comerciais do sector privado, que regulen o mercado ou graven con impostos as transaccións económicas especulativas, así como anular a débeda externa e atender a débeda ecoloxica, ou incentivar a reutilización, as listas Robinson, etc dende as administracións centrais ou locais, é algo que podemos esixir dende as ONG.

Pararse a reflexionar e actuar en consecuencia, en base ás nosas necesidades, e non ás que nos dicte o mercado, renunciando a banalidades ou novos prototipos do mercado que nós non precisamos e que só precisa o sistema para seguir producindo, será outra premisa.

Cando merquemos, debemos facelo como consumidores conscientes, "investigando" ónde se fixeron ou produciron os productos, en qué condicións, ou á custa de qué (persoas, medio ambiente, etc) así como elixindo modelos de calidade, que sexan duradeiros e eficientes no caso de electrodomésticos, e cercanos e de temporada no caso dos alimentos. Informarnos dos produtos que imos mercar é fundamental, xa que estes non só é que poidan paliar a degradación ambiental, senón que coa sua merca podemos apoiar proxectos ecoloxicos ou solidarios.

Cun chocolate de comercio xusto contribuímos directamente cunha comu-

CONSUMO ECOLÓXICO E SOLIDARIO NO COTIÁN

Ramsés Pérez

Non hai nada máis insustentábel que a actual economía de mercado

Raúl de la Rosa

A GLOBALIZACIÓN DO MERCADO PRETENDE A EXTENSIÓN DUN MODELO DE CONSUMO BASEADO NA EXPLOTACIÓN DO MEDIO E DAS PERSOAS, É NECESARIO DESENMASTAR ESTAS REDES E CREAR E APOIAR OUTRAS NOVAS QUE REDUZAN O CONSUMO NOS PAISES DESENVOLVIDOS E FOMENTEN UN VERDADEIRO DESEBROLLO SUSTENTABLE QUE IMPIDA AOS PAISES RICOS VIVIR CON MÁIS DO QUE PODEN CONSUMIR.

nidade do Terceiro Mundo, e cunhas hortalizas producidas en Galiza apoiamos as nosas labregas, pero tamén, nos dous casos, restamos forzas ás multinacionais e contribuímos ao comercio local, fomentamos a diversidade natural e cultural e evitamos o transporte e todo o que iso implica ecoloxicamente. Así, a nosa actitude pasiva poderá mudar e converterse nunha forza poderosa. Infórmate sobre o boicot a determinados produtos, insolidarios ou perigosos, como os transxénicos.

De nada serve consumir por consumir, coa excusa de que é ecoloxico ou solidario. Reducir o noso consumo non debe ser unha penitencia senón todo o contrario. Liberarse da lacra do consumismo fainos máis libres, gañamos tempo que o podemos adicar a outras accións más positivas, más sans, e aforrarnos cartos e estrés.

Reducir o consumo é posible e temos alternativas. ADEGA publicou unha guía de ecoloxía no cotián e outra de ecoloxía no rural que inciden nestes aspectos.

Cartel promocional de 'Restaurante VEGETARIANO'. Enriba, se lê 'Restaurante VEGETARIANO'. No centro, hai unha ilustración de unha garrafa de vinagre con gotas cayendo nunha copa. A dereita, hai unha mariposa. Abaixo, se lê 'CABALIÑO DO DEMO' e 'rúa alíer ulloa, 7 (xunto á porta do camiño)'.